

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**2524** *Terceira acta de corrección de erros do Tratado de Lisboa polo que se modifican o Tratado da Unión Europea e o Tratado constitutivo da Comunidade Europea, feito en Lisboa o 13 de decembro de 2007.*

TERCEIRA ACTA DE CORRECCIÓN DE ERROS DO TRATADO DE LISBOA POLO QUE SE MODIFICAN O TRATADO DA UNIÓN EUROPEA E O TRATADO CONSTITUTIVO DA COMUNIDADE EUROPEA, ASINADO EN LISBOA O 13 DE DECEMBRO DE 2007

Considerando que se detectaron erros no texto orixinal das 23 versións lingüísticas do Tratado de Lisboa polo que se modifican o Tratado da Unión Europea e o Tratado constitutivo da Comunidade Europea, asinado en Lisboa o 13 de decembro de 2007, e do que é depositario o Goberno da República Italiana;

Considerando que estes erros foron comunicados aos Estados signatarios do Tratado mediante carta do 13 de novembro de 2009 do xurisconsulto do Consello da Unión Europea aos representantes permanentes dos Estados membros;

Considerando que os Estados signatarios non formularon obxeccións en contra das correccións propostas na dita carta antes da expiración do prazo que nela se indica;

Procedeuse no día de hoxe, no Ministerio de Asuntos Exteriores da República Italiana, á corrección destes erros no sentido indicado no anexo.

En fe do cal foi redactada esta terceira acta, cuxa copia será transmitida aos gobernos dos Estados signatarios do dito Tratado.

Feito en Roma o vinte e sete de novembro de 2009.

#### ANEXO

##### ACTA DE CORRECCIÓN DE ERROS

**do Tratado de Lisboa polo que se modifican o Tratado da Unión Europea e o Tratado constitutivo da Comunidade Europea, asinado en Lisboa o 13 de decembro de 2007**

*(CIG 14/07 e CIG 15/07 do 3 de decembro de 2007)*

(Diario Oficial de la Unión Europea C 306 do 17 de decembro de 2007)

1. Modificacións do Tratado da Unión Europea e do Tratado constitutivo da Comunidade Europea.

- a) Artigo 1, punto 51.  
(CIG 14/07 do 3.12.2007, páxina TL/es 49).  
(DO C 306 do 17.12.2007, páxina 38).

A frase seguinte insírese antes da última frase:  
«Derróganse os artigos 34, 35, 37, 38 e 39.».

- b) Artigo 2, punto 49), letra d).  
(CIG 14/07 do 3.12.2007, páxina TL/es 73).  
(DO C 306 do 17.12.2007, páxina 55).

Onde di:

«d) O número 3 que pasa a ser o 4, terá a seguinte redacción: «Nas condicións previstas no número precedente, as organizacións nacionais de mercado poderán ser substituídas pola organización común prevista no número 1 do artigo 34.»

Debe dicir:

«d) No número 3, que pasa a ser 4, a referencia ao “número precedente” débese entender como unha referencia ao novo número 2, e pasa a ter a seguinte redacción:

«4. Nas condicións previstas no número 2, as organizacións nacionais de mercado poderán ser substituídas pola organización común prevista no número 1 do artigo 34.»

2. Protocolos que deberán ir anexos ao Tratado de Lisboa.

Protocolo n.º 1.

a) Artigo 1, punto 5), alínea a), quinto guión.

(CIG 14/07 do 3.12.2007, páxina TL/P/es 32).

(DO C 306 do 17.12.2007, páxina 167).

Suprímese a liña «-artigo 9.1».

b) Artigo 1, punto 12), letra c).

(CIG 14/07 do 3.12.2007, páxina TL/P/es 45).

(DO C 306 do 17.12.2007, páxina 174).

Onde di:

«c) No artigo 1, suprímese o parágrafo segundo;»

Debe dicir:

«c) No artigo 1, parágrafo primeiro, as palabras “do dito Tratado” substitúense por “dos Tratados”, e suprímese o parágrafo segundo;»

c) Artigo 1, punto 18), alínea f).

(CIG 14/07 do 3.12.2007, páxina TL/P/es 59).

(DO C 306 do 17.12.2007, páxina 183)

Onde di:

«f) No parágrafo primeiro do artigo 4, suprímense as palabras “, que non están vinculados polo acervo de Schengen,”;»

Debe dicir:

«f) No parágrafo primeiro do artigo 4, suprímense as palabras “, que non están vinculados polo acervo de Schengen,” e as palabras «do dito acervo» substitúense por “do acervo de Schengen”;»

Protocolo n.º 2.

d) Artigo 7, número 1.

(CIG 14/07 do 3.12.2007, páxina TL/P/es 85).

(DO C 306 do 17.12.2007, páxina 200).

Onde di:

«1. No parágrafo terceiro do artigo 38 e no parágrafo terceiro do artigo 82 do Tratado CEEA, as referencias aos artigos 141 e 142 substitúense, respectivamente, por referencias aos artigos 226 e 227 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.»

Debe dicir:

«1. No parágrafo terceiro do artigo 38 e no parágrafo cuarto do artigo 82 do Tratado CEEA, as referencias aos artigos 141 e 142 substitúense, respectivamente, por referencias aos artigos 226 e 227 do Tratado de funcionamento da Unión Europea.»

e) Artigo 7.

(CIG 14/07 do 3.12.2007, páxina TL/P/es 85).  
(DO C 306 do 17.12.2007, páxina 200).

No artigo 7 do Protocolo n.º 2 engádese o número seguinte:

«4. Na alínea c) do parágrafo cuarto do artigo 198 do Tratado CEEA, a referencia ao anexo II do Tratado constitutivo da Comunidade Europea substitúese por unha referencia ao anexo II do Tratado da Unión Europea e do Tratado de funcionamento da Unión Europea.»

e o número 4 numerarase como 5.

3. Táboas de correspondencias a que se refire o artigo 5 do Tratado de Lisboa.

Tratado da Unión Europea.

Numeración anterior do Tratado da Unión Europea correspondente ao título VI, nota a rodapé.

(CIG 14/07 do 3.12.2007, páxina TL/anexo/es 4, nota a rodapé da páxina n.º 2).  
(DO C 306 do 17.12.2007, páxina 207, nota a rodapé da páxina n.º 16).

Onde di:

«As disposicións do título VI do actual Tratado UE, relativas á cooperación policial e xudicial en materia penal, substitúense polas disposicións dos capítulos 1, 4 e 5 do título IV da terceira parte do TFUE.»

Debe dicir:

«As disposicións do título VI do actual Tratado UE, relativas á cooperación policial e xudicial en materia penal, substitúense polas disposicións dos capítulos 1, 4 e 5 do título IV (que pasa a ser V) da terceira parte do TFUE.»

4. Acta derradeira.

Declaracións de Estados membros.

52. Declaración do Reino de Bélxica, da República de Bulgaria, da República Federal de Alemaña, da República Helénica, do Reino de España, da República Italiana, da República de Chipre, da República de Lituania, do Gran Ducado de Luxemburgo, da República de Hungría, da República de Malta, da República de Austria, da República Portuguesa, de Romanía, da República de Eslovenia e da República Eslovaca relativa aos símbolos da Unión Europea.

(CIG 15/07 do 3.12.2007, páxina AF/TL/DC/es 21).  
(DO C 306 do 17.12.2007, páxina 267).

Na cuarta liña.

Onde di:

«..., a divisa “Unidade na diversidade”, ...»

Debe dicir:

«..., a divisa “Unida na diversidade”, ...»

Para coñecemento xeral, procédese á publicación da terceira acta de corrección de erros do Tratado de Lisboa, polo que se modifican o Tratado da Unión Europea e o Tratado constitutivo da Comunidade Europea, asinado en Lisboa o 13 de decembro de 2007 e publicado no Boletín Oficial del Estado n.º 286, do 27 de novembro de 2009.

Madrid, 10 de febreiro de 2010.—O secretario xeral técnico do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación, Antonio Cosano Pérez.